



Administración Local

Municipal

Concello de Cabanas

Bases da convocatoria da selección de persoal. Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL- Concellos-2026.

ANUNCIO

Por Decreto de 10 de abril de 2026, acordouse convocar as probas selectivas, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de persoal laboral temporal integrante da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais, dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL-Concellos-2026.

No mesmo Decreto foron aprobadas as bases que regularán o proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal, co fin de proveer dúas (2) prazas de peón/a e unha (1) praza de operario/a conductor/a, por un período de seis (6) meses, a xornada completa, ca seguinte redacción:

Bases do proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL- Concellos-2026, para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Cabanas.

1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal, baixo a modalidade contractual de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, establecida na Disposición Adicional Novena do Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo sistema de concurso-oposición, en quenda libre, para a execución de diferentes obras e servizos mínimos municipais, ao abeiro da subvención concedida ao Concello de Cabanas pola Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP nº 38, de 26 de febreiro de 2026, consonte ás bases do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL-Concellos-2026, publicadas no BOP nº 197, de data 15 de outubro de 2025, que se concreta na contratación laboral temporal, a xornada completa, por un período de seis meses, de **dúas (2) prazas de peón/s e unha (1) praza de operario/a condutor/a**, en base aos principios de publicidade da convocatoria, igualdade, mérito e capacidade.





A finalidade desta subvención da Deputación Provincial da Coruña é fomentar o emprego nos concellos da provincia mediante a contratación de persoal en situación de desemprego, inscritas como demandantes na oficina de emprego e que se atope nalgunha das situacións de exclusión laboral establecidas no punto 3.2 das bases da convocatoria do Programa de Integración Laboral, PEL-Concellos-2026, para a execución de obras e servizos mínimos municipais.

O Concello de Cabanas levará a cabo traballos de limpeza viaria, mantemento de camiños e vías de acceso municipal aos núcleos de poboación do Concello, incluíndo roza e limpeza de cunetas, mantemento e pequenas reparacións de beirarrúas municipais, así como pavimentación das vías públicas, mantemento de espazos públicos do Concello, como áreas recreativas, deportivas e zonas verdes, conforme ao establecido no punto terceiro das bases reguladoras do Programa de Integración Laboral, PEL-Concellos- 2026, da Deputación Provincial da Coruña.

2. Modalidade de contratación.

As contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se modifican as modalidades contractuais, ademais da normativa especificada na Base 1. Réxime xurídico xeral, das bases xerais dirixidas a concellos e outras entidades locais da provincia, da Deputación Provincial da Coruña.

De conformidade co establecido na normativa que resulta de aplicación, a modalidade contractual ligada ao contrato será a de “Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, con código de contrato 405.

Prazas convocadas: Unha cuadrilla formada por dúas (2) prazas de peón/as e unha (1) praza de operario/a-condutor/a, que se integrará na área de obras e servizos municipais.

Praza Peón/a: Dúas (2)

Retribución bruta: 1.424,50 euros mensuais, incluído rateo de pagas extra.

Xornada: Completa

Duración do contrato: 6 meses.

Praza operario/a-condutor/a: Unha (1)

Retribución: 1.566,03 euros mensuais, incluído rateo de pagas extra.

Xornada: Completa

Duración do contrato: 6 meses

3. Publicidade

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Os restantes anuncios derivados do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cabanas.



4. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais, conforme ao artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- f) Xustificación de atoparse en situación de desemprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de Emprego.
- g) Xustificación de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral que se relacionan nas bases específicas da convocatoria do Programa de Integración Laboral, PEL Concellos 2026 da Deputación Provincial da Coruña.
- h) Estar en posesión do carné de conducir C1 para a selección da praza de operario-conductor.

Todos os requisitos anteriores, así como os incluídos na base seguinte, deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Destinatarios.

De conformidade co establecido na Base 3.2 das bases reguladoras do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de

20.000 habitantes, PEL-Concellos/2026 “Requisitos do persoal a contratar polos concellos”, publicadas no BOP nº 197, de data 15 de outubro de 2025, as persoas a





contratar deberán atoparse en situación de desemprego inscritas como demandantes na oficina de emprego e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Todas as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo.

6. Presentación de solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo II das presentes bases, no Rexistro do Concello de Cabanas, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Cabanas, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada, xunto cunha copia de toda a documentación que acheguen coa solicitude, á dirección de correo electrónico: correo@cabanassgal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:



- a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación.
- b) Fotocopia do certificado de escolaridade.
- c) Fotocopia do carné de conducir C1, para a praza de operario condutor.
- d) Declaración xurada do Anexo III.
- e) Fotocopia da tarxeta actualizada xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- f) Documento xustificativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral de conformidade co establecido na base quinta:

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	Fotocopia DNI
Maiores de 45 anos ou menores de 30 anos	
Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 1 ano como demandante emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade, grao igual ou superior ao 33%	Fotocopia do certificado de discapacidade, expedido polo órgano competente



Persoas en situación de drogodependencia	Informe de servizos sociais do Concello onde resida
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas sen fogar	
Persoas vítimas violencia de xénero	

g) De se-lo caso, documentación acreditativa dos méritos que se acheguen para a fase de concurso, segundo o establecido no punto 9 das presentes bases.

7. Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación ditará resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas para cada posto, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio na sede electrónica do Concello de Cabanas.

As persoas aspirantes disporán dun prazo non superior a dous (2) días hábiles para a subsanación de deficiencias dende a publicación do anuncio na sede electrónica, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de subsanación, ou no caso de non necesidade de subsanación de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes admitidas, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, así como o nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal Cualificado e data de inicio do proceso selectivo.

8. Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares, presidente/a, tres vogais e secretario/a.





Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición a paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9. Sistema de selección.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de **concurso-oposición**.

9.1. Selección praza de PEÓN/A (2 prazas)

FASE OPOSICIÓN. Máximo 20 puntos.



***Proba teórica.**

A proba consistirá na realización dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria, en relación co contido do programa que figura no Anexo I das presentes bases.

A proba terá unha duración máxima de trinta minutos e será valorada cun máximo de 10,00 puntos. As respostas erróneas non restarán puntuación. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba.

***Proba práctica.**

A proba consistirá nunha proba práctica, en relación coas funcións do posto, determinada polos membros do Tribunal Cualificador. A proba terá unha duración máxima de quince minutos e será valorada cun máximo de 10,00 puntos. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba.

FASE CONCURSO. Máximo 5 puntos.

Experiencia laboral.

***Valorarase neste apartado un máximo de 4 puntos.**

-Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa, coa categoría de peón/a, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,15 puntos mes.

-Por cada mes traballado na Administración Pública a xornada completa, coa categoría de peón/a, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,30 puntos/mes.

A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante **copia dos contratos de traballo e/ou certificado de servizos prestados**, que indicará a data de inicio e remate e categoría profesional, non se valorarán aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Deberá achegarse así mesmo de **Informe da vida laboral**. Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo/a.

Formación.

***Valorarase neste apartado un máximo de 1 punto.**

Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con resultado favorable: 0,50 puntos, por cada programa acabado favorablemente, cun máximo de 1 punto.

A fase de oposición será previa á fase de concurso. Só se valorarán os méritos achegados na fase de concurso daquelas persoas aspirantes que obtiveran unha puntuación mínima de dez (10) puntos na fase de oposición.



9.2. Selección praza OPERARIO/A CONDUTOR/A (1 praza)

FASE OPOSICIÓN. Máximo 20 puntos.

***Proba teórica.**

A proba consistirá na realización dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria, en relación co contido do programa que figura no Anexo I das presentes bases.

A proba terá unha duración máxima de trinta minutos e será valorada cun máximo de 10,00 puntos. As respostas erróneas non restarán puntuación. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba.

***Proba práctica.**

A proba consistirá nunha proba práctica, en relación coas funcións do posto, determinada polos membros do Tribunal Cualificador. A proba terá unha duración máxima de quince minutos e será valorada cun máximo de 10,00 puntos. Será necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba.

FASE CONCURSO. Máximo 5 puntos.

***Experiencia laboral.**

Valorarase neste apartado un máximo de 4 puntos.

-Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa, coa categoría de operario/a condutor/a realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,15 puntos mes.

-Por cada mes traballado na Administración Pública a xornada completa, coa categoría de operario/a condutor/a, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,30 puntos/mes.

A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante **copia dos contratos de traballo e/ou certificado de servizos prestados**, que indicará a data de inicio e remate e categoría profesional, non se valorarán aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Deberá achegarse así mesmo de **Informe da vida laboral**. Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo/a.

***Formación.**

Valorarase neste apartado un máximo de 1 punto.

Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con resultado favorable: 0,50 puntos, por cada programa acabado favorablemente, cun máximo de 1 punto.



A fase de oposición será previa á fase de concurso. Só se valorarán os méritos achegados da fase de concurso daquelas persoas aspirantes que obtiveran unha puntuación mínima de dez (10) puntos na fase de oposición.

10. Cualificación final, presentación de documentos e formalización do contrato.

O resultado final do procesos selectivo será a suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e na fase de oposición, procedéndose á súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cabanas, por orde decrecente de puntuación.

No caso de empate das puntuacións dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

-Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego.

-Maior antigüidade en situación de desemprego.

-No caso de persistir o empate, este resolverase por sorteo público.

O Tribunal, despois da cualificación das persoas aspirantes, publicará a lista de persoas aprobadas no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cabanas, elevando a proposta de contratación ao Sr. Alcalde-Presidente das persoas seleccionadas, por orde de puntuación. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do Programa de Integración Laboral, anualidade 2026.

As persoas aspirantes seleccionadas, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días hábiles dende a súa proposta de contratación, deberán aportar:

Certificado médico de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidentencia para formalizar contrato co/a aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polas persoas seleccionadas, a Alcaldía ditará resolución de contratación das persoas propostas e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.



11. Réxime de incompatibilidades.

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

12. Carácter vinculante das bases.

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

13. Incidencias.

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14. Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cabanas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

15. Réxime Xurídico.

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.





Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano competente.

16. Recursos.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente, ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outra acción conforme ao ordenamento xurídico que o/a interesado/a considera procedente.

Cabanas, 10 de abril de 2026
O alcalde,
Fernando Couce Rodríguez



ANEXO I

Temario

1. A Lei de prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios en caso de accidente de traballo.
2. Coñecemento do municipio de Cabanas. Organización municipal e territorial.
3. Mantemento e conservación de vías públicas. Manexo de maquinaria, avarías frecuentes e reparación.
4. Maquinaria e ferramentas para obras de infraestruturas.
5. Nocións básicas de albanelería, xardinería e pintura. Ferramentas. Tipo de materiais.



ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dona, con DNI número e domicilio a efectos de notificación en
.... con número de teléfono e dirección de correo electrónico.....

EXPÓN:

Enterado/a da convocatoria para a provisión de prazas de persoal laboral temporal, a xornada completa, durante un período de seis meses, ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL-Concellos-2026, na que se inclúen dúas (2) prazas de peón/a e unha (1) praza de operario/a condutor/a, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Bases da presente convocatoria

SOLICITA:

Primeiro. A súa admisión ás probas de referencia, para a praza de (sinalar unha ou as dúas):

- Peón/a
- Operario/a-condutor/a

Segundo. Que se teña por presentada e se admita a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, e o seu íntegro cumprimento (marcar os documentos que se achegan):

- Copia do DNI
- Copia do carné de conducir C1, para a praza de operario-condutor.
- Copia do certificado de escolaridade.
- Declaración xurada segundo o modelo do Anexo III.
- Xustificación de estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego
- Xustificación de estar nalguna situación de exclusión laboral, de conformidade co establecido na base quinta.
- De se-lo caso, documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso, debidamente cotexada, segundo o establecido no punto 9 das bases da convocatoria.

Cabanas,de.....de 2026

Asdo:

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.





**Modelo de declaración xurada
ANEXO III**

Don/Dona, con
DNI número e domicilio a efectos de notificación en
.....
..... con número de teléfono..... e
dirección de correo electrónico.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos na Bases da presente convocatoria.

Segundo: Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro: Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, no expediente de selección de persoal laboral temporal do Concello de Cabanas, ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, PEL-Concellos 2026.

Cabanas,, de de 2026

Asdo:

